

O 28 DE XANEIRO publícase no DOG a ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras **das axudas para a creación de superficies forestais**, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR670B).

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a creación de superficies forestais en terras non agrícolas e proceder á súa convocatoria para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento administrativo MR670B).

As axudas obxecto de subvención son as seguintes:

- a) Axudas para a creación de superficies forestais con especies do anexo VIII desta orde (coníferas).
- b) Axudas para a creación de superficies forestais con especies do anexo IX desta orde (frondosas).

Beneficiarias

1. Serán beneficiarias **as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda**, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, e non admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.

Das axudas previstas nesta orde serán persoas beneficiarias as sociedades de fomento forestal (**Sofor**), os propietarios **particulares de forma individual**, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os proindivisos legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas e **as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC)**, que cumpran o establecido. **As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no rexistro provincial de CMVMC.**

A intensidade de axuda para estas actuacións será do 100 % e a axuda calcúlase sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no anexo IV, segundo sexa o caso.

Prazos

O prazo de presentación de solicitudes será de **trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 11 de marzo.**

Os traballos solicitados na solicitude de axuda non poderán iniciarse antes da inspección previa a que se refire o artigo 20 desta orde e estarán condicionados á aprobación da axuda.